



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 043
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO REGISTRO XERAL	
- 6 FEB. 2019	
ENTRADA Núm. -	SAÍDA Núm. 241

NOTIFICACIÓN PUBLICACIÓN

A alcaldía-presidencia, con data 06-02-2019 , ditou o Decreto n.º 58/2019 , que deseguido se transcribe literalmente:

“ Descripción Decreto: Suspensión procedemento selectivo auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistas as alegacións presentadas polas candidatas que superaron o concurso oposición no proceso selectivo de auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais Dna. Mª Jesús Rosende Otero con DNI 44816772F (rexistro entrada núm. 11719/RX 224405 de data 01/02/2019) e Dna. Laura López Pardo con DNI 53397595J (rexistro entrada núm. 236 de data 01/02/2019).

Considerando que neste proceso selectivo non se regula a lista provisional e as publicadas son listas definitivas acto de trámite cualificados en que “ deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou perxuizo irreparable a dereitos e intereses lexítimos” (artigo 112.1 Lei 39/2015), e polo tanto ditas alegacións presentadas poden encaixar dentro dun recurso de alzada (en aplicación do artigo 115.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, (artigos 121 e seguintes da mesma Lei), esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Suspende o procedemento de selección para a contratación dun/ha auxiliar administrativo/a interino/a a xornada parcial para o departamento de servizos sociais por concurso oposición.

SEGUNDO.- Retrotraer as actuacións de dito procedemento selectivo ao momento de valoración do primeiro exercicio da fase de oposición (proba test) para que informe o Tribunal cualificador a esta Alcaldía sobre a admisibilidade das mesmas e proceda no seu caso a unha nova valoración e proposta.

TERCEIRO.- Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e notificar persoalmente ás interesadas recurrentes así como convocar ao

Tribunal cualificador para o xoves día 07/02/2019 ás 13:00 horas aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Boimorto, o mércores 6 de febreiro de 2019

A secretaria

Asdo.- Dna. Rebeca Vázquez Vázquez